

A MAÑÁ DO CIRCO

venres 8 de abril

PISTA CATRO : "Butaca Baleira"

A MAÑÁ DA DANZA-TEATRO

venres 15 de abril

A ARTÍSTICA: "Des-memoria-2"

A MAÑÁ DA POESÍA

venres 29 de abril

MARIA LADO, LUZIA ALDAO, IGMIG

A MAÑÁ DAS CRIANZAS

venres 6 de maio

AULA FOLQUE INFANTIL DE PONTEVEDRA

A MAÑÁ DA MÚSICA

venres 13 de maio

DÚO FDEZ. & QUINTÁ /COMBO TRADICIONAL

A MAÑÁ DA ORALIDADE

venres 20 de maio

PAULA CARBALLEIRA / CELSO SANMARTÍN



PRAZA DE ABASTOS DE PONTEVEDRA ARTE FRESCA DO DIA



PRAZA DE ABASTOS DE PONTEVEDRA

ARTE FRESCA

DO DIA

ARTE, AMOR E VIDA

Pasé frente al Nocturno y la vida había pintado unos carteles... Pregunté en una esquina por la hora, y en la bolsa del hombre que me dijo la hora iba la vida, junto con su almuerzo... Hoy dejaré las puertas y las ventanas de mi casa, abiertas...

[Alfredo Zitarrosa]

Entrar nun mercado de abastos é todo unha experiencia para os sentidos e unha das melloras probas antropolóxicas urbanas. A vida dunha cidade pódese medir, cuantitativa e cualitativamente, polo funcionamento, pola presenza ou pola ausencia do seu mercado de abastos, así como pola afluencia e tipo de persoas que o visitan.

A palabra abasto ten que ver coa suficiencia, coa provisión de cousas necesarias, especialmente do alimento. Pero non só. Calquera que se adentre nun destes mercados poderá saber que un dos adxectivos que mellor lle acabe aos produtos que se venden é o de fresco, porque é un dos lugares onde a frescura dos seus produtos chama explicitamente pola terra e o mar que os produce.

Ademais, esta frescura tamén se atopa no trato e convivencia das persoas que interaccionan nestes mercados tradicionais, os cales, ademais, foron desde sempre un lugar de intercambio de información de carácter oral e onde o contacto físico coa súa atención persoal contrasta coa despersonalización dos lugares de compra hipermodernos, onde a palabra -case exclusivamente- sempre aparece a carón dun código de barras, en detrimento do contacto físico.

Podemos fixarnos en moitos eventos culturais e artísticos que ultimamente prolongan e expanden a vida interior destes centros de venda de produtos, pero non debemos esquecer que a arte estivo ligada desde sempre a este tipo de lugares de consumo e outros similares como, por exemplo, as feiras ambulantes, onde xa os xogares na Idade Media atopaban a ocasión para interpretar as poéticas musicadas ou, máis tarde a proliferación dos cantares de cego, cuxas expresións artísticas, cómpre dicir que tiñan un componente máis performativo do que una caixa de plástico, quero dicir, máis fresco.

O gusto é o sentido principal do alimento, e este foi concedido [non en van] para uso metafórico en materia da arte, pois é na arte coma na alimentación, onde a percepción se mistura co sentido do obxecto, é dicir, a interiorización para medrar, coidarse e fortalecerse, tanto física como intelectualmente. Por isto, abrir unha praza de abastos á expresión artística é a redundancia do pracer. Convoacar o gusto e a beleza no mesmo espazo para o goce dos corpos que o habitan no momento, na máis profunda estética do non-lugar.

Por isto, sempre compartin con Joseph Beuys que a vida é unha forma de expresión artística, e ademais creo, que o amor e o alimento son esenciais para esta. Do mesmo xeito, é esencial conceder o dereito a calquera persoa a diferir respecto ás súas preferencias sobre os gustos e sabores físicos, como afirmalos e reivindicalos, como fago ao dicir que sinto un profundo gusto porque a arte teña o seu lugar na rúa, na praza ou onde teña lugar a vida...

Na liña difusa da fronteira entre a necesidade e o pracer, entre a vida e a arte, saciar é unha acción que non termina, como a palabra na boca do poeta, coma a viaxe na fronteira, como o renacer do apetito. Deste xeito, xusto, que acuda ao mercado de abastos de Pontevedra nestes días terá boa proba da arte, do amor e da vida, porque Pontevedra, a boa vila, non só dá de beber a quen pasa, tamén convidada a comer e, sobre todo, a gozar no nome da arte.

Gonzalo Vázquez.

Quen está de última?
Cuarto e medio de versos frescos, por favor.

O "Super": escenario onde nos abastecemos co espectáculo de produtos anti, mega, hipo, proteicos, diuréticos, con ou sen conservantes, de duración ilimitada na neveira, envasados ao baleiro, colocados estratéxicamente, brillantes, colorados, descolorados. En promoción, acreditando marca, tras unha laboriosa investigación...

Ofertas do día: medio quilo de liberdade fresca antioxidante Exitosas cadeas de supermercados ofrecen nos seus departamentos de atención ao cliente asesoramento dos nosos desexos: vivamos como galegos, sexa vostede feliz e coma sensacións envasadas con sabor a liberdade mariña...de Chile, que é máis pequena, ocupa menos espazo e ofrecémola máis barata. Vantaxes para o cliente. Do que se compra se cria.

Fronte as áreas comerciais, as prazas de abastos recuperan a súa función simbólica, social, económica e cultural dunha cidade. Protagonizan a recuperación da cidade viva, persoal, comercialmente xusta, socialmente equitativa, diversa, xeneradora de emprego estable, creando un circuíto financeiro local. As prazas de abastos recuperan o modelo comercial tradicional, os produtos frescos e de confianza, as relacións persoais, o artesanado, as siñas de identidade local e cultural. Fortalecen a relación: produto local-comercio local. Do que se compra se cria...e nos sabemos comprar. Cuarto e medio de versos frescos, por favor e un quilo de patacas novas, repolo de... ah! e cebolas.

Rosa Bugallo.




vida é o que vai pasando mentras un/uma empenha-se en fazer coisas. John Lennon.

A primavera na Praza de Abastos de Ponte Vedra chega cheinha de arte para acoller, apreciar, entusiasmar e recuperar todas as sensacións havidas e por haber. Xunta-se o alimento do corpo co alimento do espírito longe da concepción decimonónica do monumento como edificio morto e unidireccional. Na Praza de Abastos de Ponte Vedra durante 7 ventres dan-se a maos diferentes formas de vida e costumes. Por desgracia já non comemos comida nem abrimos o coraço á pureza das artes senón que comemos imaxes e símbolos. *Bastar* é que algo che resulta suficiente. Conhecer as nosas necesidades á hora de comprar e disfrutar da praza é un ato de responsabilidade individual diaria. Ir á Praza de Abastos é recuperar o trato persoal é un exercicio de escucha, de ser e de estar. Abandonar a relación com a tendreira é fechar una porta á realidade. Abandonar un bem significa descoída-lo. Abandonar a alguem significa desampara-lo. Abandonar o noso contexto e non sentir a terra ou o corpo é terrível, menos mal que as elefantas e as baleias anticipam-se aos sismos, nós non.

Ugía Pedreira.



ACTIVIDADES PRAZA DE ABASTOS DE PONTEVEDRA. "ARTE FRESCA DO DIA"



NOVO CIRCO. Pista Catro. O novo circo en Galicia.

Dentro do panorama escénico galego asistimos dende hai unha década á aparición do Novo Circo como unha nova disciplina artística e cultural. Isto entronca con un auxe internacional na renovación das artes circenses, que se diferencian do circo clásico na ausencia de animais, na maior importancia dun desenvolvemento dramático e na inclusión de novos elementos artísticos, o teatro, a danza, a música, o cabaré, o audiovisual, misturándose coas técnicas e cos elementos tradicionais do Circo: diversión, risco, emoción, máis difícil aínda...

O Circo é un espectáculo que, polas súas características, atrae a todo tipo de público, de tódalas idades e condicións, que non se queda recluído nas salas e sae a buscar á xente a través das carpas e da rúa, creando interese e demanda para si e para outro tipo de artes. É por iso que o Circo pode actuar como unha ponte entre os axentes culturais galegos e o público, funcionar coma un motor cultural, como a mellor ferramenta para crear público e para dinamizar as novas propostas escénicas en Galicia.

Esa é a tarefa que nos propoñemos, facer circular a cultura polos teatros e polas rúas, polas cidades e polas vilas pequenas, achegala a tódalas persoas. Facer que o circo volva a existir com se merece e sobre todo facer posible o soño d@s artistas que queren expresarse con esta arte milenaria no noso país.

Este ano no Mercado de Abastos en Pontevedra chega o Novo Circo con: Happenings e "Butaca Baleira": Intervencións cómicas entre o público e representación de "Butaca Baleira" con Pablo Reboleiro, Manuel Lago, Jose Antonio Coucheiro "Cou"



DES-MEMORIA-2. A ARTÍSTICA.

Comeza a súa andaina na primavera de 1992. Nace pola necesidade dos seus compoñentes de crear un espazo de difusión e potenciación da creación teatral contemporánea dentro dun traballo de investigación no mundo artístico e pedagóxico. Así oito anos máis tarde, inaugura o asesoramento pedagóxico no departamento de teatro dentro da A Artística teatro e danza, un espazo adicado ao fomento das artes escénicas, en especial ao teatro e á danza contemporánea, sito en Vigo. A Artística Teatro & Danza é un espazo dedicado ao fomento das artes escénicas en especial ao teatro e danza contemporánea, en Vigo.

A Artística presenta Desmemoria para a Praza de Abastos de Pontevedra.

En Des-memoria-2 plantexamos a cuestión da identidade coma identificación individual e colectiva. A partires da idea de perder a memoria, ou máis ben de desdubuxar as lembranzas, configuramos un puzzle onde os recordos reais, os inventados, os roubados, e as preguntas sobre un propio é son o verdadeiro live motive do espectáculo.



LADO&ALDAO-IGMIG

"Trátase dunha degustación de poesía e música para bos (e con poucos prexuízos) padais a cargo de LADO+ALDAO+IGMIG. Ocupámonos en demostrar que a poesía vai máis aló dos libros, que chega incluso a prazas de abastos pasando por gasolineras, muros, lonxas e paradas de autobús. Poesía é todo o que non é prospecto. E vós, que o vexades."

...Foi por non decatarme a tempo de que quería que o meu poema soubese a churrasco, que houbo que agardar ó final da tardiña para confirmar tema e intencións. O verán e os versos pídoos todos sempre con moita carne. O día inteiro sen deixamos, e con torpeza e indignada deixei que a aldea toda se me fose metendo nos pulmóns. Eu con fame non sei escribir, pero ocorrense moitos versos...

E foi comezar a ver en riguroso directo os primeiros pasos da cea para que o fume rico ese chegara a estas páxinas bastante antes ca min. Qué detallazo. Qué agradecido o vicio este que me permite facer saliba e facer poemas mentres se van facendo as brásas.

Eu mordo o bolígrafo en plan metáfora de fame e achegándome á mesa, miña musa, comprobo como a ensalada de tomate lle ha de facer tanto ben ó meu poema coma ó churrasco. Saboreo cada anaco deste verán que non comeza. Son quen de comer en proporción ó que te boto de menos. Poema nacido dunha costela (de porco).



AULA FOLQUE INFANTIL DE PONTEVEDRA. Recetario musical.

Os rapaces participantes vivirán unha orixinal experiencia musical nun espazo tan peculiar como é o centro da praza de abastos da súa propia cidade. A actividade mestura de xeito entretido contidos musicais (rítmica básica galega, composición colectiva de coplas) coa temática da alimentación sia e equilibrada.

No obradoiro percibirán con potas, tixolas, culleres e todo tipo de utensilios utilizados normalmente para manipular os alimentos, obxectos que ademais foron utilizados tradicionalmente para tocar e cantar nas casas. Ao ritmo da cacerolada, mediante un xogo de azar, construírán entre todos os versos que conformarán a receita máis soborosa e equilibrada que se lles ocorra, atopando a inspiración nos produtos frescos que poden atopar na praza de abastos. Froitas, verduras, cereais, peixe... así como as súas beneficiosas propiedades e atractivos sabores e texturas, conformarán as letras dun orixinal recetario musical.

A actividade corre a cargo do equipo de profesores de Aula Folque Infantil de Pontevedra, músicos en activo cunha ampla bagaxe profesional tanto no palco como a nivel pedagóxico na música galega actual. A súa capacidade para unir a divulgación da música popular e outras temáticas coma as artes plásticas, a saúde ou a educación intercultural, garante unha actividade interesante, creativa e divertida para os cativos.

DUO FERNANDEZ & QUINTÁ. Duo de zanfona e acordeón diatónico.

O Acordeón e a Zanfona, o instrumento milenario e un dos máis recentemente chegados místranse para a reinterpretación de temas de autor e tradicionais galegos ademais de repertorio aprendido de outras culturas europeas. Harmonía, baixos, melodías e percusión ao servizo do baile ou da escota. Estes dous músicos xuntan os seus talentos e dúas xeracións neste dúo que emociona e desperta no público o sentimento de que a realidade é vivida a través do baile. Unhas sensibilidade moi afíns que relen a música popular galega. (metálica-metalúrxica kilos de wattios rock&roll&yout tablón de anuncios abatidos)

OLLAOALLO
cowboy de chaleque italiano
estampado frido
rosas e craveis azul

OLLAOALLO
oil barato
ciclo do nabo
voltas da roda bigotuda
sargo balance
berro balance
pé balance
pel balance
febre balance
puro balance

chegado o tempo dos palcos nas balanzas
que digan que ocupamos as cuadras e os cuadros
que andamos ó regateo do fox

chegado o tempo dos bailes sen pre-texto
precisas fintas carambolas ante os versos
dos tolos persoaxos do Bamun's Digest

Rodo Tarzán



COMBO TRADICIONAL DA ESCOLA LIVRE DA MPG.

Un grupo novos músicos que estudan na Escola Livre da MPG en Santiago de Compostela xúntanse das aulas fechadas e xúntanse na Praza de Abastos para tocar música popular galega cos seguintes instrumentos: flautas, gaita, requinta, percusión. O repertorio componse de muiñeiras, xotas, pasodobles, mazurcas, polcas, chotes coñecidos en distintas partes de Galicia.

O universo da música tradicional desenfadada medra e espándese coa canteira nova e moita enerxía. É un combo de día a día, de traballo semanal que pensa a música segundo vaia xurdindo sen caer na rutina e baraxando o momento. O seu director Roberto Sala coñece os instantes da melodía e debuxa ambientes coas notas e co entusiasmo.

PAULA GARBALLEIRA.

Como actriz, podemos destacar o seu traballo na TVG ou na Radio Galega; como contaxcontos, participou en programacións e festivais de toda España e tamén de Portugal, Chile, Brasil ou Costa Rica; como escritora ten 9 libros publicados e traducidos ao castelán, vasco, catalán, portugués, inglés e coreano.

"Un sete de setembro chorei por primeira vez. Estaba nacente. Ata os 17 anos vivín en Maniños, no Concello de Fene, descubríndo e explorando unha certa inclinación a fabular outros mundos, preferentemente na literatura e no teatro. Despois marchei a Santiago de Compostela, onde eu tiña pouco que chorar porque o ceo botaba bágoas a máis non poder. Ali seguí escribindo e disfrazándome en peles de personaxes que me ofrecían outras vidas, outras palabras. Ata hoxe. Pertenzo á compañía de teatro Berrobambán, vou contando contos polo mundo, e nunca mellor dito, pois grazas á antiga arte de contar historias teño participado en festivais de narración oral nacionais e internacionais, e levo publicado uns cantos libros. Tendo en conta que xa plantei algunha que outra árbore, fáltame ter un fillo. Mentres, seguirei viaxando."



GELSO SANMARTIN.

PRESENTACIÓN E IDEARIO DA ACTIVIDADE DE CONTAR CONTOS E HISTORIAS QUE LEVA POR LEMA:

Bicoca de boca en boca / Contos que non falten / Os contos non son conto / etc...

Contar é un oficio que todos temos. Levo recollendo contos e historias inconscientemente toda a vida, coma calquera. Pero desde hai anos veño recollendo e reacomodándomas, coa intención de contalas de cara a distintos públicos

Empecé por casualidade e oportunidade. Continúo porque é unha actividade de amor, sentido e paixón: pola lingua, pola oralidade, pola comunicación, por pensar que non se perda un verdadeiro tesouro de historias e contos, e ilo por aí mostrando e ofrecendo coa boca aberta e coa boca cea, falando ademais *bencísimo* del, que é coma falar dunha das nosas posibilidades de relación e cultura máis ricas e admirables.

A miña *devoción* son as persoas maiores, culturalmente refeitas na oralidade. Entre elas hai moitas que son contadoras intuitivas e intelixentes e atentísimas a todo. *Devoción* polo vivo interese que poñen nas historias, nos contos e nas memorias que contan. *Devoción* porque saben "elaborar un momento": A partir dunha miga de tempo que *se preste* ou inesperadamente. Inda hai de momento en calquera lugar a onde un vaea, persoas maiores que teñen a virtude de atraer a atención e mantela cunha(s) historia(s) pertinente(s), que por acerto e valor específico, prenderá(n) entre os nosos recordos perennes, frescos coma da primeira hora.

**(Hoxe por hoxe, as migas de tempo, os momentos que se prestaban a contar, perderon bastante os seus "espacios naturais": no día a día, en datas sinaladas, en épocas do ano, ... Temos outros enredos no seu sitio, outra medida do tempo. Fómomos deixando dese "costume natural". Dese falar, contando ben contado e por contar.)*

O meu fardo ou repertorio está composto basicamente por contos, historias e memorias ligadas á tradición oral galega e tamén á europea, (*na que temos arte e parte*), asentadas na cultura agrícola-gandeira e pedestre. E cun toque contemporáneo, para apalparlles que tamén son actuais, que aquí as están e non coma pezas de museo. Tamén invento historias e contos, coma calquera...

As nenas e nenos, e á xente grande, intento contarlles ademais, que o que se conta non é unha cifra exacta-exacta, e que a lingua non se pode deixar que se poña de trampo.

Ata pronto cun saído.

